



FERVENZAS DO CAMBÁS


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 10 km (ida e volta)

Dificultade: media

Duración: 4 horas



Unha ruta no concello de Aranga, nas parroquias de Aranga e Cambás.

O **río Cambás** é un afluente do Mandeo que se forma coa confluencia do Rego da Loba ou Ponte das Ovellas que ven da Serra da Loba e o rego da Palanca que ven do Cordal de Montouto. No seu percorrido atravesan formacións de lousas e neis con algún afloramento de cuarcita e escavan profundos canóns onde se combinan rápidos e fervezas.

Nos vales destes dous ríos consérvase a **fraga das Barbudas**, un bosque autóctono de gran interese.

COMO CHEGAR: seguindo a ruta de sendeirismo nº 2 do concello de Aranga. Pódese iniciar desde a estrada de Ponte Aranga á N VI no punto onde se xuntan o Cambás e o Mandeo sinalado cun cartel que indica Ponte Rodicio. Outras opcións son seguindo a estrada a Barreiro e Carballeda desde a ponte que cruza o río, desde a minicentral (río arriba), ou desde Couce (na estrada que vai da N VI a Cambás), seguindo río abaixo.


Fervezas do Rego da Palanca

A ferveza máis grande salva un desnivel duns 30 m en gneis. A caída principal ten 20 m de altura. Augas arriba da ferveza grande atópase o atranco da antiga minicentral e unha pequena ferveza duns 5 m de altura.

Pozo de Castro Rodicio

No rego da Loba. O río, moi diminuído polo encoro que hai máis arriba, salva un desnivel de máis de 20 m en varios saltos e forma un pozo circular moi profundo.


CÓMO CHEGAR: ao chegar á confluencia entre o Cambás e o Rego da Palanca séguese río arriba pola esquerda uns 300 m.



Rego da Palanca



Pozo de Castro Rodicio



Ao pé de antiga minicentral atópase esta ferveza, con dous saltos de de 5 e 10 m de altura.